



O Comité de Empresa, en reunión realizada o día 23 de novembro de 2010, acorda por unanimidade dos presentes interpoñer o presente recurso de alzada contra a proba selectiva da convocatoria de Auxiliares de Servizo realizada o 21 de novembro de 2010 ao non se cumprir as bases da convocatoria que establecían:

Anexo I, procedemento de selección, no apartado fase de oposición, segundo exercicio:

"Segundo exercicio: consistirá en contestar un cuestionario de 75 preguntas (máis tres de reserva que só se corrixirán no caso de anulación dalgunha pregunta), con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, das que 25 corresponderán ao bloque I e o resto ao bloque II, do temario especificado no anexo II...."

Ao facérense máis preguntas do bloque I das determinadas na convocatoria.

Ao abeiro do establecido nas bases da convocatoria.

Solicitamos:

A anulación do segundo exercicio e a repetición do mesmo axustándose ás bases da convocatoria.

A Coruña, 23 de novembro de 2010



Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández
Pte. do Comité de Empresa de Persoal Laboral da Universidade da Coruña

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA